

Boa tarde. E verdadeiramente ledo para min presenta-lo pregoeiro do Nadal 88 en Begonte, pola persoa, polo lugar, polo significado. Polo significado, porque seguimos-e non me canso de repetilo-no camiño marcado por Don José, seguido por Don Jesús-hoxe xa nomeado Párroco de Begonte-con ánsias novos, con Belén novo, con proxectos para o futuro moi importantes, con garantía de futuro para o Belén e o Nadal de Begonte, que é o esencial.

Polo lugar, Begonte, que vive o Nadal, e que marca para tódalas terras lucenses o comenzo do tempo nadaleiro... Cando aquí empeza o Nadal, empeza para toda a provincia de Lugo. Sodes-somos-o centro do Nadal en Lugo e Galicia.

Pola persoa... Adolfo de Abel Vilela. Se digo ""Era un dos amigos de Don José"", coido que xa digo algo importante dél. Porque Don José tiña moitos amigos, pero os seus amigos tiñan que ser dun xeito especial, como él era dun xeito especial.

Adolfo de Abel Vilela é un dos amigos do Belén, practicamente desde que o Belén naceu... E un dos que se pode contar con él para todo, esteña onde esteña, faga o que faga; e como Asesor de Teleclubs, como Delegado de Cultura, como Director Xeral, e como persoa, estivo sempre a disposición do Belén. E hoxe ven aquí como Pregoeiro.

Parece obrigado deci-los méritos, os estudos, os traballos, os feitos dun pregoeiro antes de que o pregón comece... E non o vou facer, porque sería imposible. Estudioso por natureza, desde moi novo pescudou -en estudos programados ou libres-nas máis diversas materias: Agricultura, Ciencias, Arte, e agora Historia na Universidade de Santiago... Sobre temas científicos, pero especialmente artísticos e históricos ten publicado numerosos libros e estudos... Pronunciado conferencias, participado en congresos e traballador incansable é unha das persoas máis sobranceiras da provincia de Lugo na investigación histórica, no espallamento cultural, e na inqueda polo saber e o divulgar.

Pero hoxe está aquí, non polos seus moitos merecementos culturais, académicos, sociais ou políticos... Está aquí porque ten vivido conosco a vida do Belén de Begonte, porque a súa traxectoria vital coincide plenamente co que aquí se proclama, porque ten moito que decirnos sobre O Nadal. Mancado por unha moi recente e grave perda familiar pero fortalecido polo seu ánimo forte, pola amizade e o traballo, o noso pregoeiro, é- e xa é abonda tarxeta de presentación-un dos grandes amigos do Belén de Begonte.